

## LISTA DE ASISTENTES

- María José Moure Rodríguez
- David Patiño Vilas
- Fernando Cerdeira Perez
- Santiago Salvador Gimeno
- Alejandro Cadabón Figueroa
- José Francisco Asís Montero Reguera
- Carmen María Abreu Fernández
- Maruxa Álvarez Jiménez
- Susana Álvarez González
- María Ángeles Villar Lemos
- Ruth Dávila Segade
- César Blanco Gómez
- Manuel Fernández Cruz

## DESCULPA ASISTENCIA

- José Luís Gómez Reboiro
- Yoana González González

Acta da sesión ordinaria da Comisión de estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente da Universidade de Vigo do día 6 de marzo de 2024, convocada para as 11.30 h na Sala Manolo Ramos do edificio Ernestina Otero e de forma virtual na sala de xuntas 1 do Centro de Posgrao e Formación Permanente do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **6 de marzo de 2024 as 11.40 h** deu comezo a xuntanza da Comisión de Estudos do centro, presidida pola Sra. Directora do Centro de Posgrao e Formación Permanente, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

-Punto un: Aprobación, se procede da acta constitutiva da comisión.

-Punto dous: Informe da presidenta

-Punto tres: Aprobación, se procede, de modificacións e cancelacións de títulos propios.

-Punto catro: Aprobación, se procede, das memorias finais de títulos propios.

-Punto cinco: Aprobación se procede das propostas de títulos propios.

-Punto seis: Aprobación se procede da apertura dun prazo extraordinario para a presentación de títulos propios de Posgrao de 15 ou máis ect

-Punto sete: Asuntos de trámite.

-Punto oito: Rogos e preguntas.

### **Punto un: Aprobación, se procede da acta constitutiva da comisión.**

Os presentes aproban esta acta da sesión constitutiva por asentimento.

### **Punto dous: Informe da presidenta.**

A presidenta relata todo o acontecido nestes meses de cambio. Fala da nova estrutura do centro e agradece aos membros da comisión a súa disposición para formar parte dela.

Despois faínos un resumo do máis importante que sucedeu neste período nos que sobresaíron os seguintes puntos:

- Regulamento réxime interno do CFPF: está moi avanzado un novo regulamento, que en breve pasaremos aos membros da comisión para que aporten as melloras que consideren necesarias.
- Comisión de Calidade: segundo a nova normativa é imprescindible a creación dunha comisión de calidade. Tamén subliñou que temos problemas para seguir uns criterios, xa que a AGSUG non estableceu nada aínda, pero temos a referencia da axencia catalana.
- Xuntanza grupo CRUE microcredenciais: o 11 de marzo na universidade Autónoma de Madrid teñen a intención de aprobar o documento final de traballo: “Orientacións para o deseño e acreditación das microcredenciais universitarias para a empregabilidade”.
- Firma de novo convenio Cátedra INCIBE 2024 “Formación Permanente en Ciberseguridade”. Neste caso o primeiro foi recordar o éxito que tivo esta cátedra o curso pasado e por iso volvemos a asinar unha nova, neste caso con catro cursos con dúas edicións cada un que rematarán no ano 2025.

- Cursos de capacitación dixital – MITMA: Estes cursos aportan a universidade un orzamento considerable e temos a necesidade de enchelos. Serían entre os seis cursos un total de vinte unha edicións, polo que temos a necesidade de mellorar a visibilidade deles e da escola en xeral.
- Proxecto de democratización do coñecemento: neste proxecto, que este ano se vai realizar nos concellos de Allariz, Ribadavia, Lalín, Covelo (Pontevedra), Poio, O Rosal, xa que os datos de participación no ano 2023 foron tan bos (*asistencia total: 341 mulleres e 109 homes*)

Despois de expoñer toda esta información a presidenta pediu se había algunha aportación ou comentario sobre algún de estes temas e o profesor José Montero fixo a seguinte apreciación:

- Levamos tempo escoitando a nosa presidenta sacar a relucir a falla de visibilidade da Escola antes e do Centro agora, polo que el propón que a vicerreitoría de comunicación se involucre máis, para que o centro chegue a sociedade.
- A presidenta contéstalle que a información que sae en xeral da universidade é confusa con moito tipo de curso que se anuncia, polo que despois dunha reunión co reitor, este propúxonos que lle fíxéramos unha exposición do noso centro e da nosa estratexia ao equipo de goberno, para ver se podemos coordinarnos na difusión das nosas titulacións.

#### **Punto tres: Aprobación, se procede, de modificacións e cancelacións de títulos propios.**

Neste punto apróbanse as modificacións e cancelacións presentadas e a presidenta explica como estudiamos os currículos dos candidatos a docentes dos nosos cursos, presentando a rúbrica que temos na nosa web. Xúntanse o acordo da comisión como anexo.

#### **Punto catro: Aprobación, se procede, das memorias finais de títulos propios.**

No punto catro a presidenta explica que tivemos un problema co noso apoio administrativo no servizo de posgrao polo que non se presentaron en tempo e forma as memorias finais dos títulos o que nos leva a non aprobar ningunha.

#### **Punto cinco: Aprobación se procede das propostas de títulos propios.**

Neste punto cinco a presidenta fai un pequeno resumo de cada un dos títulos propostos e informa aos asistentes o que vemos nunha proposta, no máis importante que nos temos que fixar. Informa tamén que nas seguintes reunións traeremos un cadro resume co que teñen cada unha das propostas para que sexan moito máis sinxelas de ver. Fala tamén de algún defecto de forma nun informe que temos que arranxar con posgrao e aprobamos todas as propostas co seguinte calendario que se xunta a esta acta como anexo I.

Por outro lado solicítase a aprobación provisional dos cursos do ministerio de transportes, para poder darlle a publicidade que necesitan. Esta proposta apróbase tamén por asentimento.

#### **Punto seis: Aprobación se procede da apertura dun prazo extraordinario para a presentación de títulos propios de Posgrao de 15 ou máis ect.**

A presidenta explica a necesidade de ampliar o prazo para a presentación de propostas de este tipo de títulos e a imposibilidade de facelo para os máster, pola súa dificultade técnica e administrativa. Presenta o calendario que se xunta a esta acta como anexo II e apróbase por asentimento.

#### **Punto sete: Asuntos de trámite.**

Non existe ningún asunto de trámite a tratar.

#### **Punto oito: Rogos e preguntas.**

Por último xa que non xurde ningunha pregunta, a presidenta agradece a presenza de todos os asistentes e de novo a participación nesta comisión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión as 12.30 hoas do día 6 de marzo de 2024, da que eu como secretario dou fe co visto e prace da Presidenta da Comisión de Estudos do Centro.

A presidenta da Comisión de Estudos  
do Centro de Posgrao e Formación Permanente

María José Moure Rodríguez

O secretario da Comisión de Estudos do  
Centro de Posgrao e Formación Permanente

Alejandro Cadabón Figueroa